



PAUTAS XERAIS DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE MOTORA

1. Aspectos xerais

Unha discapacidade motora é aquela en que aparecen problemas na execución de movementos, sen importar o seu desencadeamento (problemas cerebrais, musculares etc.). Segundo a causa e o grao da discapacidade, ademais dos movementos, pode existir afectación doutras áreas como a da linguaxe ou a manipulación de obxectos.

2. Capacidades e necesidades

Este tipo de discapacidades non teñen por que interferir nos procesos cognitivos nin de aprendizaxe, aínda que é certo que pode haber casos en que os procesos sexan máis lentos, como a expresión oral e/ou escrita.

Aínda que adoitemos asociar discapacidade motora con cadeira de rodas, debemos darnos de conta de que non todas as persoas con este tipo de discapacidade a usan, xa que ademais de poder valerse doutras axudas, poden non precisar ningún tipo de apoio nese aspecto.

As principais necesidades maniféstanse no acceso físico aos espazos (aulas, baños, edificios, transportes etc.) debido á existencia de barreiras arquitectónicas. Requírese, polo tanto, que se adecúen estes espazos e que se adapten axeitadamente os instrumentos técnicos ou da vida diaria (ordenadores, pratos, vasos, coitelos etc.).

3. Pautas xerais

- Deberemos tratalas como a calquera outro compañeiro ou compañeira, sen protexelas demasiado nin, no extremo oposto, ignoralas.
- Deixarémolles tempo suficiente para que se expresen e farémolles saber se hai algo que non comprendemos da conversa, xa que en ocasións a súa discapacidade pode ir asociada a problemas na expresión ou na fala.
- Deberemos falarlles sempre directamente ás persoas con discapacidade, non aos/ás acompañantes.
- Evitaremos empuxóns e non as separaremos nunca dos elementos de apoio que utilicen, como muletas ou bastóns.
- Preguntarémolles se precisan axuda para levar a mochila, os apuntamentos ou calquera outro peso que lles supoña unha dificultade ao se desprazaren; do mesmo xeito que para ler un taboleiro de anuncios, coller un libro dun estante elevado da biblioteca etc.

- Non ocuparemos nunca as prazas de aparcadoiro reservadas para persoas discapacitadas.

4. Pautas para o manexo da cadeira de rodas

- Preguntarémolles sempre, antes de coller a cadeira de rodas, se precisan axuda e de que tipo. As persoas con discapacidade coñecen a súa cadeira e o seu manexo, e elas informaranos de como manobrar.
- Advertirémolles sempre, con anterioridade, da manobra que imos realizar coa cadeira de rodas.
- Non empuxaremos a cadeira demasiado á prisa nin a xiraremos bruscamente.
- Colocaremos a cadeira correctamente unha vez parados, e bloquearemos sempre os freos.
- Inclinaremos a cadeira sobre as rodas grandes para evitar caídas en terreo desigual.
- Inclinaremos a cadeira cara a atrás ata que se encontre en equilibrio para franquear unha escaleira. Despois baixaremos e subiremos os chanzos perpendicularmente.

5. Pautas na aula

- Organizaremos a aula con espazos amplos que faciliten a mobilidade do alumno ou alumna con cadeira de rodas, muletas, andadores etc.
- Permitirémolles a entrada na aula comezada a clase, xa que en ocasións o desprazamento é máis lento que o do resto dos compañeiros ou compañeiras.
- Facilitarémolles o uso de axudas técnicas, gravadora, ordenador persoal etc., e a colaboración dos compañeiros e compañeiras.
- Realizaremos coa maior antelación a distribución de materiais, bibliografía etc.
- Facilitarémolles con antelación toda a documentación posible (presentacións, apuntamentos, esquemas etc.), preferentemente en soporte informático. Desta maneira o alumno ou alumna poderá seguir a clase sen perder información.
- Proporcionarémolles tempos máis prolongados tanto para realizar os traballos como para expoñelos oralmente.
- Respectaremos o ritmo de emisión das mensaxes por parte do alumno ou alumna e acordaremos con eles as fórmulas para facilitar a participación.

- Teremos en conta as posibles limitacións no caso de saídas en canto a desprazamentos, manipulación e accesibilidade aos lugares que se van visitar.
- Incrementaremos o tempo para realizar as probas nos exames se é necesario, así como lle permitiremos o uso das axudas técnicas e do material específico preciso.
- Teremos en conta modalidades alternativas de probas e exames, como probas obxectivas ou preguntas de resposta curta.